COMPOSTELA NOCTURNA
MÍRAME!

Vivir a cidade, iluminar a historia

GUÍA RÁPIDA PARA PARTICIPANTES

CONCURSO INTERNACIONAL DE ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E ARTÍSTICA

DA CONTORNA MONUMENTAL DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 Obxecto e xustificación do concurso

O Concello de Santiago de Compostela convoca un concurso internacional para seleccionar a **mellor proposta de iluminación ornamental e artística** da contorna monumental da Catedral.

Trátase dunha iniciativa incluída no **Plan de Sustentabilidade Turística en Santiago de Compostela**.

OBXECTIVOS

- **Mellorar a calidade de vida da cidadanía** e o confort visual.
- **Reducir a contaminación luminosa** e mellorar a eficiencia enerxética.
- **Fomentar e protexer o patrimonio histórico** e o legado arquitectónico.
- **Poñer en valor o patrimonio cultural** mediante investimentos que melloren a estadía turística e a sustentabilidade.
- Crear unha **nova proposta lumínica innovadora**, cun alto grao de **creatividade** e **singularidade**, **calmada e emocional**.

2 Ámbito de actuación

O concurso abrangue as **catro prazas** que **rodean a Catedral**.

Obradoiro | Platerías | Quintana | Inmaculada + elementos conectores

3 Características do concurso

Internacional, aberto e anónimo, dirixido a **equipos** que acheguen coñecementos desde diferentes disciplinas.

A proposta gañadora poderá asumir a **redacción do proxecto e a dirección de obra da iluminación da Praza de Praterías**, como proxecto piloto, mediante un contrato de servizos posterior por procedemento negociado sen publicidade.

4 Participantes e requisitos

Poderán participar **todas as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras**, con plena capacidade de obrar, que cumpran cos requisitos de solvencia e equipo mínimo. **Non se require inscrición previa**.

Cada participante só poderá presentar unha proposta.

COMPOSICIÓN MÍNIMA DO EQUIPO E SOLVENCIA TÉCNICA

O equipo debe estar formado por un mínimo de **tres (3) persoas** que, no seu conxunto, cumpran polo menos con **tres das seguintes categorías**, con experiencia acreditada:

- **Arquitecto/a** con experiencia en **bens culturais** con protección patrimonial.
- **Arquitecto/a urbanista** con experiencia en **Cidades Patrimonio da Humanidade**.
- **Enxeñeiro/a ou enxeñeiro/a técnico/a** (preferentemente industrial), con experiencia en **iluminación patrimonial e artística** de bens inmobles protexidos e/ou ámbitos monumentais.
- **Deseñador/a profesional de iluminación** con experiencia en iluminación **patrimonial e artística** de edificios e espazos monumentais.
- **Licenciado/a e/ou graduado/a** en ciencias **sociais e/ou humanísticas**, con experiencia en **xestión e/ou salvagarda de bens de interese cultural**.

Requírese acreditar a solvencia cun mínimo dun proxecto de iluminación monumental realizado nos últimos tres anos, cun orzamento non inferior ao 50 % do contrato de servizos posterior (estimado en 100.000 € sen IVE).

A solvencia económica acreditarase cun **seguro de responsabilidade profesional por un importe mínimo de 100.000 €**.

5 Directrices xerais para a presentación

— **ANONIMATO E LEMA**: As propostas deberán presentarse de forma anónima, utilizando unicamente un lema para identificar os arquivos e sobres en todas as fases do concurso. Os arquivos en formato PDF **non poden conter metadatos que revelen a autoría**. A vulneración do anonimato suporá a exclusión.

— **IDIOMA**: Admítense propostas en castelán, galego ou inglés. Deberase entregar unha copia idéntica debidamente **traducida ao castelán**.

— **LUGAR E HORA DE PRESENTACIÓN**: A entrega poderá realizarse por correo certificado ou mensaxería (**previa notificación por correo electrónico ao órgano de contratación o mesmo día do envío**) ou de forma presencial por unha persoa que **non sexa concursante nin membro do equipo**, no **Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Santiago de Compostela** (Rúa do Presidente Salvador Allende, 4, 15705, Santiago de Compostela), **antes das 13:30 horas do 19 de agosto de 2025**.

— **FORMATO DE ENTREGA**: Toda a documentación entregarase **nun embalaxe opaco**, **pechado e lacrado**, que conterá sobres ou caixas **identificados unicamente co lema**. Os arquivos electrónicos **non poderán superar os 50 MB nin os 300 dpi**.

Fase 1 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E IDEA CONCEPTUAL

PRAZO

60 días naturais desde a publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

O ENVÍO DEBERÁ INCLUÍR

1. Sobre/Caixa 1
   Documentación administrativa
   - **USB con**: DEUC (un por cada membro da UTE, se é o caso), Anexos I-III, compromiso de anonimato, compromiso de seguro profesional (mínimo 100.000 €), e outros documentos relevantes.
2. Sobre/Caixa 2
   Idea conceptual
   - **USB con**: dossier en formato A3 horizontal (máx. 25 páxinas, fonte Arial tamaño 11), portada A3 ilustrativa, memoria explicativa (textos, gráficos, bosquexos, etc.), estimación orzamentaria e 10 infografías A3.

Fase 2 ANTEPROXECTO

CONDICIÓN

Só para participantes que **superen o 50 % da puntuación na Fase 1**.

PRAZO

30 días naturais desde o anuncio de finalistas na PLACSP.

Entrega nun sobre ou caixa **pechada e lacrada**, cun **USB** identificado unicamente co **lema**.

DEBE INCLUIR

- **Portada A3** da proposta.
- **Memoria** (máx. 100 páxinas en A3 horizontal, fonte Arial tamaño 11), con descrición detallada, narrativa, equipos e tecnoloxías, efectos lumínicos e cumprimento normativo.
- **Orzamento detallado, planos** xerais e de detalle, **infografías** A3, anexos con **cálculos lumínicos** e **fichas técnicas**.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN
(100 puntos)

A. Calidade do deseño lumínico (50)
B. Viabilidade técnica e económica (25)
C. Sustentabilidade, eficiencia e innovación (25)

REQUISITOS DE DESEÑO

- Iluminación cálida e responsable (preferencia entre **1800K e 2800K**), sen perforacións en elementos patrimoniais nin impacto visual.
- Integración arquitectónica, control intelixente (telexestión), equipos LED de alta eficiencia con garantía mínima de 10 anos.
- Redución do consumo en polo menos un **50 %**.
- Respecto polas instalacións existentes **SMARTIAGO-CROMALUX** e **Sombra do Peregrino**.

ORZAMENTO E PREMIOS

- Total estimado: **229.900 €** (IVE incluído):
  - **108.900 €** para premios: **6 accésits** de 18.150 € a finalistas.
  - **121.000 €** para a **proposta gañadora** (honorarios do contrato de redacción e dirección do proxecto).
- Orzamento de execución da actuación: **354.728,79 €** (IVE incluído).

CALENDARIO

- **Fase 1**: 60 días desde a publicación.
- **Fase 2**: 30 días desde o anuncio de finalistas.

(Non hai unha data final pechada; entre fases haberá tempo de avaliación.)

INFORMACIÓN E DESCARGA

- **Web oficial**
  https://compostelanocturna.santiagodecompostela.gal
- **PLACSP**
  (expediente: CON2025000010)
- **Documentación adicional**
  - http://scqoc.santiagodecompostela.gal/index.php/s/vvqITcpMFuV5DJx
  - Contrasinal: **ConcursoTurismo25!.**

COMPOSTELA NOCTURNA

MÍRAME!

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO
SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO

XUNTA DE GALICIA

CONCELLO DE SANTIAGO

Turismo sostible